

CLAVES FEMINISTAS PARA UNHA SOCIEDADE ENFERMA

8 de marzo 2014

DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES



**ACTIVIDADES PARA
PRIMARIA
8 DE MARZO DO 2014**



STES
INTER SINDICAL
Organización de Mujeres

educación primaria

Un ano máis, 8 de marzo, conmemoramos o Día Internacional da Muller. Dende a Asemblea de Mulleres do STEG queremos contribuír a que desde as aulas sigamos traballando pola igualdade, posto que aínda perduran na escola elementos que reproducen e perpetúan o sexismo e as diferenzas entre os futuros homes e mulleres da nosa sociedade.

Os novos retos aos que se vén enfrontando o sistema educativo (a interculturalidade, o respecto ao medio ambiente, a normalización de usos do noso idioma, a adquisición de competencia en idiomas estranxeiros, a necesidade de mellorar a calidade, etc.) puideron desviar a atención sobre a necesidade de reforzar a igualdade de oportunidades na educación e, en ocasións, mesmo se puido chegar a pensar que a batalla pola igualdade entre homes e mulleres estaba gañada. Con todo, semella evidente que aínda queda moito por facer nestes ámbitos en concreto. A escola non é terreo neutro, posto que se inclúe nunha contorna que reproduce en moitos aspectos presupostos sexistas que propician o mantemento de distintos roles asignados a nenas e nenos e condicionan as propias expectativas que temos para elas e eles.

Obxectivos

- Contribuír á educación de valores de xeito transversal, traballando a tolerancia, o diálogo e a resolución pacífica dos conflitos.
- Ter en conta outros espazos ou axentes de socialización para traballar a coeducación (profesorado e currículo) ao mesmo nivel que o alumnado.
- Potenciar a superación de roles estereotipados para contribuír á transformación das relacións entre mulleres e homes.

Competencias Básicas:

- Tratamento da información e competencia dixital.

Realizar actividades que parten de ver vídeos ou traballar desde aplicacións en internet.

- Competencia para aprender a aprender.

Traballar en equipo, compartir conclusións, respectar o traballo do resto de compañeiras e compañeiros.

- Competencia social e cidadá.

O traballo en valores, que debe ser transversal, é fundamental para facer realidade a igualdade entre homes e mulleres desde a escola.

- Autonomía e iniciativa persoal.

Esta proposta didáctica contribúe a desenvolver aquelas habilidades sociais que permiten entender o mundo que nos rodea en termos de igualdade.

- Competencia cultural e artística.

Desenvólvese porque o alumnado debe analizar, interpretar e avaliar textos, imaxes, produtos artísticos...

- Competencia en comunicación lingüística.

Trabállase a expresión oral e escrita. Trabállase a comprensión lectora.

- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.

Trabállanse de xeito crítico as relacións coa contorna.

Metodoloxía

O principio fundamental é buscar que o traballo dos contidos se basee nunha aprendizaxe significativa que parta das experiencias e os coñecementos previos.

O traballo farase de forma activa, participativa e dinámica, tanto en pequenos grupos como en grupos grandes, onde se compartan opinións, se dialogue e se busquen conclusións que poidan mellorar as relacións na aula e fóra da escola.

As actividades desenvolveranse coa axuda de soportes informáticos.

proposta didáctica

Proposta de Actividades

Infantil e primeiro ciclo.

- Tomar conciencia do papel que a sociedade diferente polo feito de selo.

ARTURO E CLEMENTINA: [vídeo](#)

ROSA CARAMELO: [vídeo](#)



asigna ás

nenas e os nenos de xeito



sobre o papel dos

A partir do visionado destes vídeos, en asemblea propiciar que o alumnado reflexione personaxes nas historias.

- Quenes son os protagonistas.
- Como son os protagonistas.

Propoñerlles que fagan un debuxo co personaxe co que se senten identificadas ou identificados.

Segundo ciclo:

- O futuro de cada persoa é o que cada persoa elixe e ten posibilidade de construír.

Con estes textos e vídeos suscítanse situacións nas que os cuestionan o papel que lles tocou desempeñar.

¿HAI ALGO MÁIS ABORRECIDO QUE SER UNHA PRINCESA ROSA?:

SUPERLOLA:

A HEROÍNA QUE MÁIS MOLA: [vídeo](#)



protagonistas femininos

[Enlace](#)



En asemblea ver xuntos os vídeos. Despois organizarse en grupos e contestar preguntas como:

- Como se suscita o papel das mozas nestes contos?

- E o dos mozos?

- Na túa vida cotiá, atopas xente que se parece a estes personaxes? Pon exemplos.

- Facer algunha dramatización dunha escena parecida ás que aparecen nos contos.

Terceiro ciclo de primaria e 1º e 2º da ESO:

- Quen fai que?

UNHA FELIZ CATÁSTROFE: [vídeo](#)



HISTORIA DOS BONOBO CON LENTES:

[Enlace](#)



En asemblea ver e ler xuntos as historias propostas.

Despois, en asemblea facer unha avaliación do que lles pareceron estas historias.

En grupos, proponse facer unha performance que reproduza situacións parecidas ou situacións nas que se invistan os roles asignados aos personaxes protagonistas masculinos e femininos.

3º e 4º da ESO

Suscítanse situacións nas que se cuestiona a concepción do rol feminino/masculino.

A CINCENTA QUE NON QUERÍA COMER PERDICES: [Enlace](#)


UN MUNDO AO REVÉS

TALLER DE BICICLETAS

REPARACION DE COCHES

As clases organízanse en grupos e repártense os textos para lelos. Despois deben facer unha posta en común.

- Experimentaron algunha situación similar na súa contorna máis próxima?.
- Actualmente, na situación de crise que se está vivindo, hai moitas dificultades para buscar traballo e para desenvolver un proxecto persoal. Propónselle ao alumnado que enumere dificultades que poidan padecer as mulleres actualmente para buscar traballo e conseguir un emprego.



Relaciona cada muller co seu nome:



*

*** CELIA AMORÓS**



*

*** OLYMPE DE GOUGES**



*

*** ALICIA PULÉO**



*

*** CLARA CAMPOAMOR**



*

*** SIMONE DE BEAUVOIR**



*

*** CONCEPCIÓN ARENAL**

Elixes unha das mulleres anteriores e fai unha pequena biografía dela que logo exporás ás túas compañeiras e compañeiros. Debes resaltar as aportacións que fixeron na loita das mulleres dende o feminismo.

proposta didáctica